



LIBROS/LIVROS



PICO DELLA MIRANDOLA, G. *Discurso sobre a dignidade do home (e outros textos renacentistas sobre a dignidade do ser humano)*. Cangas do Morrazo: Rinoceronte; Colección Vétera, 2019. Tradución do latín, introdución e notas de Fernando DOMÈNECH REY. 122 pp. ISBN 978-84-17388-19-5.

1. Se a tradución dun clásico é unha boa nova editorial e académica, aínda mellor é se descubrimos unha tradución ao galego de tres textos clásicos editada e anotada con pulcritude e rigor. Non se trata só dunha ampliación do catálogo senón, sobre todo, de facilitarmos o diálogo e normalizarmos un vocabulario científico, filosófico e literario en lingua galega.

Refírome ao célebre *Discurso sobre a dignidade do home* (1486) de Pico della Mirandola, acompañado de dúas contribucións desa época renacentista, humanista e postescolástica: uns fragmentos da *Teoloxía platónica* (1482) de Marsilio Ficino e a *Fábula sobre o home* (1518) de Joan Lluís Vives.

O editor e tradutor, Fernando Domènec, xustifica no limiar a irmandade dos textos, exemplos de tres autorías e tres xéneros literarios: “a brillante oratoria de Pico, o ensaio filosófico de Ficino e a fábula de inspiración grecolatina de Vives” (p. 18). Ademais, o seu estudo introdutorio contextualízaos temporal e tematicamente e permite a súa interpretación acaída e sen anacronismos. Así acontece coa nosa obra principal, lembrada pola súa briosa defensa da dignidade intrínseca do ser humano, malia que esta ocupe apenas o comezo do *Discurso* (pp. 40-45), cuxa meirande parte (pp. 45-80) se destina ao eloxio da filosofía e a resumir as *900 teses sobre todo o saber ou Novecentas conclusións filosóficas, cabalísticas e teolóxicas en todo xénero de saberes*, nas que Pico expuña e debatía os principais argumentos das diversas tradicións filosóficas, relixiosas e teolóxicas e tentaba mostrar o cristianismo como o seu punto de encontro ou converxencia.

2. Xa que logo, tres estilos diferentes e un contido compartido: a dignidade e a excelencia da condición humana. A excepcionalidade e a centralidade do ser humano radican en que, a diferenza dos demais seres, non está predeterminado por leis establecidas polo Creador. O seu reino non é o da necesidade, senón o da liberdade: a súa natureza debe ser definida segundo o seu arbitrio, de xeito

que pode dexenerar nun ser inferior ou rexenerar nun ser superior (pp. 40-44). Os tres autores comparten o propósito de concordia, de harmonía e dun universo ordenado (kósmos) que reserva un lugar central a un individuo proporcionado e axustado. Un ser humano superior ao resto dos animais que merece ser tratado polos deuses como un irmán (pp. 93-95; 116-119).

A proclama de Pico e de predecesores como Giannozzo Manetti (*Sobre a dignidade e a excelencia do home*, 1452) orixina un cambio de paradigma, que consiste no paso da centralidade do mundo escolástica á centralidade do ser humano renacentista, a un paradigma antropocéntrico que non cesará de evolucionar nos séculos posteriores.

Esta noción humanista e premoderna de dignidade baseada no libre albedrío será sucedida pola omnipresente concepción kantiana, vinculada á autonomía, segundo a cal a dignidade é o valor incondicionado ou incomparable, que non admite equivalencia nin ten prezo (Immanuel Kant, *Fundamentación da metafísica dos costumes*, 1785, Ak. 434-437). A dignidade predícase do ser humano, que constitúe un fin en si mesmo, de acordo coa segunda formulación do seu imperativo categórico (Ak. 429).

A dignidade continuará o seu percorrido histórico alén da Filosofía e estenderá a súa influencia de forma salientable ao ámbito xurídico, como fundamento dos dereitos humanos e os dereitos fundamentais. Vallan como exemplo, no ámbito internacional, o preámbulo e o artigo 1 da Declaración Universal dos Dereitos Humanos (1948) ou o artigo 1 da Carta de

Dereitos Fundamentais da Unión Europea (2000); e no ámbito nacional, o artigo 1.1 da Constitución alemá (Lei fundamental para República Federal Alemá, 1949) e o artigo 10.1 da Constitución española de 1978.

3. Resulta evidente a pegada contemporánea do manifesto renacentista de Pico della Mirandola, por máis que a súa concepción da dignidade se considere superada ou merecedora dunha revisión. Dunha banda, a afirmación da centralidade do ser humano é hoxe impugnada polos defensores da equiparación co resto de animais e seres sentintes. Doutra, o fundamento no libre albedrío —e mesmo na autonomía kantiana— pretende ser completado por outras propostas cunha orientación máis social, como as modernas teorías do coñecemento.

Nese sentido, o interese e o valor actuais do *Discurso* e das dúas obras que o acompañan nesta edición talvez residan máis no enfoque que no contido. Hoxe non deberíamos soste a noción renacentista da dignidade humana sen a súa debida adaptación, especialmente para incluímos a todas as persoas. Porén, si ten plena actualidade o eloxio do debate, da deliberación e do diálogo como formas de filosofar e construímos as nosas sociedades e o noso coñecemento, e algo tan audaz entón e igualmente importante agora como o rexeitamento do argumento de autoridade.

4. Unha razón máis invita a ler este libro: a versión galega é precisa e eufónica, e vén acompañada dun xeneroso aparato crítico de notas filolóxicas e filosóficas. A tensión entre ambas as achegas podería dificultar a fluidez da lectura, pero eu ato-

pei unha solución, coa que remato: resista a tentación das notas nunha primeira lectura e goce filosoficamente e literariamente dos textos. Despois, con afán de estudo ou, simplemente, curiosidade, demórese

nas notas para desfrutar doutro nivel de lectura.

José Antonio SEOANE
UDC